

Azos de excelencia

Nova revista de literatura infantil

Bloc, revista internacional de arte y literatura infantil

· *Xabier P. Docampo*
(dirección) e *Raquel*

López (edición)·

Español/Inglés, 2007 ·

100 páx



Bloc nace con vocación de universalidade e excelencia, dito sexa sen presunción. Non quere ser unha publicación máis sobre literatura e arte; non pretende estar pegada á actualidade, nin vai servir de altofalante dos produtos de moda que hoxe inundan o mercado para caer mañá no máis absoluto esquecemento. A intención tampouco é a de dignificar a LIX, pois esta xa é digna de seu, malia o malsoante desprezo que aínda hoxe amosan sen arroxar coa vergoña algúns individuos, verdadeiros energúmenos que non deixan de selo polo feito de teren obra publicada. Ao que Bloc aspira é a se converter nun espazo para a análise e a reflexión sobre a creación literaria, dedicando especial atención á relación entre textos e imaxes, en particular no ámbito dos álbums ilustrados. Escapa do “todo vale” que os medios xeralistas aplican aos libros para nenos e reclama o mesmo nivel de exixencia crítica que lle outorgarían á creación artística para adultos. Reivindica o rigor sen pecar de academicismo, sen afagar o lector co típico discurso cultureta tan pomposo coma inane. Esa vontade clara de excelencia non se limita aos contidos textuais e gráficos, senón que se estende ao extraordinario deseño e maquetación das súas páxinas: o continente está á altura dos contidos e fai de Bloc un abraiante obxecto de desexo.

O número cero da revista, que estará dispoñíbel unicamente por subscrición, serve de perfecta declaración de intencións. Como arranque, poemas de Marina Colasanti ilustrados por Pablo Auladell. A seguir, entrevistas a Jutta Bauer, Michel Tournier e Manuel Estrada. Máis adiante, dez recensións sobre outros tantos álbums ilustrados, e para pechar o número tres artigos que evocan a figura da falecida Asun Balzola, unha das artistas senlleiras do panorama da LIX española dos últimos trinta anos. O esforzo deu excelentes resultados, que agardamos se manteñan nos próximos exemplares, que se ocuparán de maneira monográfica da “fotografía” (primavera 2008) e do concepto de “cidade” (outono 2008).

// Martin Pawley